



# CEIP PLURILUNGÜE ÁNGELA RUIZ ROBLES

Versión 1.0\_ xuño 2022

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

- CEIP Plurilingüe Ángela Ruiz Robes.
- Código do centro: 15006699
- Enderezo: Vivendas protexidas s/n, 15403 Ferrol
- Correo electrónico: ceip.recimil@edu.xunta.gal
- Páxina web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiprecimil/>
- Etapas educativas:
  - Educación Infantil: 1 unidade mixta
  - Educación Primaria: 7 unidades
- N° de alumnado:
  - Educación Infantil: 20
  - Educación Primaria: 141
  - Total: 161

### 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O colexio Plurilingüe Ángela Ruiz Robles, está situado no barrio de Recimil en Ferrol. Os nosos alumnos e alumnas proveñen (maioritariamente) de familias con situacións socio culturais e familiares desfavorecidas. Neste marco, os recursos dixitais son moi necesarios para ofrécelles a oportunidade de coñecer, descubrir, crear a través das actividades e das diferentes propostas curriculares, e tamén de compartir, axudar, e ter acceso a novas oportunidades relacionadas co proceso de aprendizaxe, e co afianzamento de valores tan necesarios na nosa construción da personalidade e na nosa vida diaria. As carencias máis importantes do noso centro, respecto aos alumnos e alumnas, están relacionadas coa falta de interese cara a lectura, o mal uso ou abuso das tecnoloxías da información, o baixo nivel na competencia lingüística e a pouca implicación das familias. En canto ao profesorado, tamén temos debilidades neste aspecto, xa que é un centro no que parte do claustro é provisional e cambia cada curso, dificultando que haxa unha continuidade tanto de dinámicas como dos distintos proxectos.

O Plan Dixital será un dos piares da Programación Xeral Anual do vindeiro curso 22/23.



### 1.3. Breve xustificación do mesmo

- Baseamos o noso traballo en:

-Art.111 bis, Art.121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de educación.

-Disposición adicional 5ª da resolución de 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e Bacharelato no curso académico 2021-22.

-Resolución do 3 de setembro de 2021, da secretaria Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-22.

- Proceso de elaboración:

- Acordouse que todos os docentes que o desexasen formasen parte do equipo de Dinamización do Plan Dixital.
- Nomeouse unha persoa coordinadora a quen se lle creou unha conta no curso da aula virtual “Adix Ferrol 1.
- Na aula virtual do centro creouse o curso “PLAN DIXITAL” onde se matriculou a todo o claustro. Nese curso fóronse subindo todos os documentos e información recibidos pola persoa coordinadora.
- Traballo individual dos membros do equipo: SELFIE, CDD.
- Asistencia as videoconferencias de formación seguida de reunións e traballo colaborativo en google drive para levar a cabo as tarefas encomendadas de forma consensuada: DAFO, Board para DAFO, Plan de Acción e Plan Dixital.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- **Conexión:**
  - Internet por cable e puntos de acceso wifi en todo o centro.
- **Equipamento:**
  - Aula de informática con 15 postos:
    - 8 PCS e 7 portátiles.
    - Todos os equipos teñen entre 10 e 14 anos de antigüidade.
    - Debido ao seu mal funcionamento, no curso escolar 2021/22 trece deses equipos foron migrados á maqueta abalar 20 e nos dous restantes técnicos da UAC instalaron discos SSD mercados polo centro. Aínda así teñen un funcionamento regular que impide que a aula de informática poida ser usada polo alumnado con garantía.
  - Proxecto E-Dixgal:
    - Unha aula de 6º EP e unha de 5º EP co equipamento correspondente: portátil de aula, EDI, proxector e armario de carga.
    - Unha segunda aula de 6º EP con proxector, EDI e armario de carga. O portátil correspondente a esta aula está a ser utilizado na aula de Música.
    - Unha terceira aula equipada con proxector, EDI e armario de carga, usada no curso 2020/2021 e no primeiro trimestre do curso 2021/2022 co programa ARCO. O portátil desta aula non funciona e foi solicitado un novo equipo en novembro de 2021, pero sen resposta. Conta cun PC adquirido polo centro no ano 2014.
    - 60 ultraportátiles de alumnado (58 e dous de reserva).
    - 11 portátiles para uso do profesorado E-Dixgal.
  - Xestión e administración:
    - Portátil de administración mercado polo centro.
    - Portátil de dirección adquirido polo centro.
    - PC para xefatura de estudos.
    - PC para secretaría.
  - Biblioteca:
    - Portátil para uso polo profesorado adquirido polo centro.
    - Dous PCs para usar polo alumnado adquiridos polo centro.
  - Sala do profesorado:
    - Dous portátiles adquiridos polo centro.

📍 Departamento de Orientación:

- Un portátil mercado polo centro no despacho de Orientación.
- Un portátil na aula de PT (mercado polo centro) e outro na de AL (de 10 anos de antigüidade).

📍 Aulas de Educación infantil:

- Un portátil de 10 anos mercado polo centro e con disco SSD instalado pola UAC, proxector e un encerado interactivo cunha función táctil moi inestable, despois de varias intervencións de técnicos da UAC.
- Na aula de Inglés usada con alumnado de EI, un PC de 11 anos no que técnicos da UAC instalaron un disco SSD mercado polo centro. Tamén hai proxector e un EDI doado por unha editorial no ano 2011 pero que xa non funciona como tal senón como pantalla de proxección.

📍 Aulas de Educación Primaria (1º a 4º):

- 1º EP: Portátil de 6 anos mercado polo centro e EDI doado por unha editorial no ano 2009.
- 2º EP: Portátil adquirido polo centro e EDI doado por unha editorial no ano 2011.
- 3º EP: Portátil doado en 2016 despois de ser utilizado pola ITSS (Inspección de Traballo e Seguridade Social) e con disco SSD adquirido polo centro e instalado por técnicos da UAC. Proxector e EDI proporcionado pola Consellería no ano 2011.
- 4º EP: Portátil adquirido polo centro no ano 2013 (tamén con disco SSD), proxector e EDI proporcionado pola Consellería no ano 2011

📍 Aula de Música:

- Portátil kit dixital (orixinarimente de aula E-Dixgal), proxector e EDI doado por unha editorial no ano 2011.

📍 Aulas de Relixión:

- Relixión evanxélica: Portátil de 11 anos de antigüidade doado por unha editorial e que só funciona con cargador por fallo da batería, que foi retirada.
- Relixión católica: Portátil de 9 anos adquirido polo centro, proxector e EDI.

📍 Aula PROA:

- Portátil doado en 2016 despois de ser utilizado pola ITSS

(Inspección de Traballo e Seguridade Social), proxector e EDI doado por unha editorial no ano 2011.

- Equipamento alumnado:
  - 7 equipos “Educa en dixital”, porporcionados pola Consellería e que se están a utilizar nas aulas de 3º e 4º.
  - 10 ultraportátiles mercados polo centro e que están sendo utilizados nas aulas de 3º e 4º.
  - 3 chromebooks doados por Endesa en xaneiro de 2021 e que tamén están a ser utilizados nas clases de 3º e 4º.
- Tabletas (adquiridas polo centro):
  - Unha tableta na aula de PT
  - 5 tabletas para uso en Robótica.
  - 2 para uso na biblioteca.
  - O centro adquirira outras tres tabletas máis que foron substraídas en abril de 2022.
- Servizos dixitais:
  - Páxina web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiprecimil/> para difusión das actividades, funcionamento e organización do centro.
  - Aula virtual con cursos para o profesorado (documentos do centro e de docencia) e con cursos para alumnado de EI a 4º.  
<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiprecimil/aulavirtual/my/>
  - E-Dixgal en 5º e 6º. Comunicación alumnado e profesorado por mensaxería EVA.
  - Agueiro: utilizado pola persoa coordinadora E-Dixgal (Grupo “Coordinadores EDIXGAL”)
  - espazoAbalar:
    - Selección de recursos no repositorio de contidos educativos.
    - Comunicación coas familias a través de abalarMóbil
- Xestión do mantemento do equipamento do centro:
  - Equipamento da Consellería: comunicación de incidencias á UAC.
  - Equipamento do proxecto E-Dixgal: comunicación de incidencias ao soporte premium.
  - Equipamento adquirido polo centro: Solicítase a intervención dunha empresa privada para solución de incidencias ([2KSystems](#))



- [Plan de Continxencia CEIP Recimil](#)

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

### Autoavaliación SELFIE:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	2.6				
	Profesorado	2.9				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	1.3				
	Profesorado	2.5				
	Alumnado	4.6				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	2.8				
	Profesorado	3.6				
	Alumnado	4.3				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4.5				
	Profesorado	3.3				
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3.4				
	Profesorado	3.7				
	Alumnado					
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	2.9				
	Profesorado	3.1				
	Alumnado	4				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2				
	Profesorado	2.4				
	Alumnado					
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	2.6				
	Profesorado	3.3				
	Alumnado	4.5				

### Test CDD:

#### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	<u>6</u>	<u>7</u>	<u>85.7%</u>
PROVISIONAL	<u>2</u>	<u>4</u>	<u>50%</u>
INTERINO	<u>3</u>	<u>5</u>	<u>60%</u>
SUBSTITUTO	<u>3</u>	<u>4</u>	<u>75%</u>
OUTROS	<u>1</u>	<u>2</u>	<u>50%</u>

### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
76.3	Integrador/a (B1)	76.4	Integrador/a (B1)

### 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
EI	50	Explorador/a (A2)	66.2	Integrador/a (B1)
EP	78.7	Integrador/a (B1)	77.3	Integrador/a (B1)

### 2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	6	40%
B1	6	40%
B2	3	20%
C1		
C2		
TOTAL	15	100%

### 2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS- EQUIPAMENTO	Hai algúns equipos para labor docente. O centro contrata asistencia técnica externa para o equipamento propio. Adquiríronse dispositivos dixitais para ser utilizados nas aulas.	Non hai suficientes sistemas de protección de datos.
	PERSOAL DOCENTE	Alumnado fala co profesorado sobre a ventaxas e desvantaxas das TIC. Hai debate sobre as necesidades do DPC. Búscanse e créanse recursos educativos liña. Uso da aula virtual. Uso das TIC como medio de comunicación e adaptación ás necesidades do alumnado.	Non novas formas de E/A, non avaliación progreso, non debate, non colaboración organizacións. Pouco apoio para intercambio experiencias, non fomento creatividade, non avaliación habilidades, non reflexión co alumnado. Insuficiente competencia dixital.
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	Aprende a actuar de maneira segura e responsable en internet, a comprobar se a información é fiable e precisa. Aprende a comunicarse utilizando tecnoloxías dixitais.	Non está aprendendo a dar crédito ao traballo doutras persoas que se atopa en internet. Non aprende a crear contidos dixitais.

	Asegurámonos que o alumnado desenvolva habilidades dixitais para diferentes materias.	
<b>FAMILIAS</b>		
<b>OFERTA</b>		
<b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>	O equipo directivo considera que apoia ao profesorado para que explore novas formas de ensinanza con tecnoloxías dixitais.	O equipo directivo non considera que haxa estratexia dixital. O profesorado non se considera apoiado á hora de probar novas formas de ensino con tecnoloxías dixitais. O profesorado fai pouco uso das TIC para a avaliación do progreso de E/A.
<b>LEXISLACIÓN</b>	Respecto dos dereitos de autor e licenzas de uso ao utilizar as tecnoloxías dixitais.	

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	O centro conta con asistencia técnica da UAC cando hai problemas coa tecnoloxía.	A infraestrutura dixital do noso centro non é suficiente para respaldar o ensino e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.
	LEXISLACIÓN		
	CONTORNA		
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES		
	ALUMNADO	O centro adquiriu dispositivos dixitais para ser utilizados nas aulas.	
	PERSOAL DOCENTE	Acceso a posibilidades de DPC. O profesorado ocasionalmente realiza actividades que implican ao alumnado. O alumnado considera que é máis participativo cando se usan as TIC. Ocasionais actividades de aprendizaxe dixital que implican ao alumnado.	Falta de tempo do profesorado para mellorar o ensino con tecnoloxías dixitais.
	INFRAESTRUTURA		Aula de informática con equipos con mal funcionamento. Falta de conexión wifi específica para alumnado non E-Dixgal.
	FAMILIAS		Dificultades dalgunhas familias en canto ao uso de tecnoloxías dixitais cos seus fillos/as por ausencia de dispositivos e internet na casa, dificultades idioma, exclusión social...

## 3. Plan de Acción

### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

- A partir da análise DAFO establecéronse as áreas prioritarias e consensadamente os membros do equipo de dinamización acordamos determinar os obxectivos, indicadores e accións que se reflexan nas seguintes táboas.

“Área/s de mellora”: Infraestrutura e equipos						
<b>1. OBXECTIVO:</b>	Mellorar instalación e equipamento				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Administración				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	12 equipos mercados (10 uso alumnado e 2 profesorado) polo centro, puntos de acceso colocados pola administración					
<b>Valor de partida</b>	1 equipo con bo funcionamento por cada 5 alumnos/as de EI a 4º (a metade adquiridos polo centro)					
<b>Valor previsto e data</b>	1 Equipo por cada 2 alumnos/as			Final do curso 22/23		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>AO1.1: Participación en programas da administración con dotación económica que permita a adquisición de dispositivos.</b>	Persoa coordinadora da actividade.	Xuño 2023.	Profesorado competente na materia. Orzamento.	Recibida dotación económica.	<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

“Áreas de mellora”: Pedagogía. Apoios e recursos						
<b>2. OBXECTIVO :</b>	Participar no PFPP do centro na liña de fomento das TIC				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Dirección do centro e persoa coordinadora do PFPP				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Participación e deseño de prácticas educativas por parte do profesorado					
<b>Valor de partida</b>	70% do profesorado participante. 20% do profesorado participante deseña prácticas educativas relacionadas coas TIC					
<b>Valor previsto e data</b>	70% do profesorado participante. 90% do profesorado participante deseña prácticas educativas relacionadas coas TIC.			Final do curso 22/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>AO1.1: Creación GT/S para o deseño e emprego das TIC na aula</b>	Dirección do centro. Coordinador/a PFPP.	Xuño 2023.	CFR. Profesorado.	Elaboración de polo menos 1 GT ou 1 Seminario,	<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO1.2: Deseño de actividades tipo con novas ferramentas</b>	Dirección do centro. Coordinador/a PFPP.	Xuño 2023.	Profesorado.	90% do profesorado deseña prácticas educativas  90% do profesorado non deseña prácticas educativas	<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

“Área/s de mellora”: Infraestrutura e equipos						
<b>3. OBXECTIVO :</b>	Dotar de punto de conexión Wifi aberta no centro para o alumnado.				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Persoa coordinadora TIC				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Punto de acceso libre a WIFI do centro.					
<b>Valor de partida</b>	O alumnado de EI a 4º non ten acceso á WIFI do centro					
<b>Valor previsto e data</b>	Que todo o alumnado teña acceso á WIFI do centro.			Final do curso 22/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>AO1.1: Colocación de puntos de acceso</b>	Administración.	Xuño 2023.	Instalacións necesarias.	O alumnado do centro pode conectarse á wifi.	<b>Realizada</b>	
				O alumnado do centro non pode conectarse á Wifi	<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	



### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

- Tal e como se reflexou nos apartado 2.1 o centro conta cun equipamento moi antigo, que non é renovado pola consellería a pesar das solicitudes que se fixeron ao longo destes cursos, o que obrigou a que se mercasen equipos con fondos propios.
- O centro conta cun aula de informática e con equipos que despois de ser migrados á maqueta abalar 20 si se pode dicir que non funcionan tan mal pero tampouco son so suficientemente fiables como para ser usado polo alumnado. Por outro lado consideramos que os equipos son máis útiles dentro da aula ordinaria de cada curso xa que así poden ser usados ao longo da mañá cando sexa necesario, individualmente ou en grupo.
- Pola razón anteriormente mencionada acordouse utilizar co alumnado de 3º e 4º o equipamento do proxecto “Educa en dixital” así como outros tres equipos, doazón de Endesa. Tamén se mercaron máis portátiles para poder ser utilizados individualmente polo alumnado. Desta forma conseguimos contar cun total de 20 portátiles que nos permitiron traballar coas novas tecnoloxías de xeito máis eficaz aínda que só nas aulas de 3º e 4º. Precisaríamos equipamento suficiente para contar polo menos cun ordenador por cada dous alumnos/as de 1º a 4º.
- Consideramos que sería moi necesario habilitar un punto de acceso libre que permita ao alumnado conectarse á wifi do centro, sen depender que sexa o profesorado quen o faga coa súa conta corporativa.

## 4. Avaliación do plan

- Avaliación Procesual: Durante o curso 2021-22 as reunión do profesorado implicado superou a expectativa inicial con alomenos unha reunión mensual na que participou todo o profesorado implicado inicialmente agás tres compañeiras por cambios nos seus destinos (eran substitutos ou do Plan ARCO que rematou no 1º trimestre).
- Fomos quen de rematar o SELFIE, a análise DAFO e os requerimentos feitos dende a Consellería.
- Avaliación Final: Ao finalizar cada curso farase dentro da CCP unha valoración da adecuación e funcionamento do Plan Dixital, establecendo uns marcadores para determinar a consecución ou non dos obxectivos sinalados para ese curso tanto a nivel equipamiento, competencia dixital docente e competencia e implicación do

profesorado.

## 5. Difusión do plan

- Darase publicidade á existencia do Plan Dixital incluíndoo na Páxina web co resto dos Plans desenvolto no centro.
- Tamén se incluírá nos distintos documentos (Memoria do curso 2021-22, PXA do curso 2023...)
- Informarase ás familias dentro das reunións de titoría, ao finalizar este curso e ao comezar o próximo 2022-2023.